

Advertido erro na transcripción do Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 polo que se regula o Recoñecemento de Créditos nos Estudos de Grao, e conforme ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, compre emendar o erro observado dando conta ao Consello de Goberno das correccións. Doutra banda, e co fin de evitar prexuízos aos interesados, é necesario poñer en marcha os acordos co seu contido correcto e é por iso que,

ESTA REITORÍA, RESOLVE:

ÚNICO.- Advertido erro mecanográfico na redacción do Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 polo que se regula o Recoñecemento de Créditos nos Estudos de Grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 procede corríxilo e engadir no apartado 1.1 do artigo primeiro o seguinte parágrafo:

Recoñeceranse tamén ata 6 créditos polas actividades transversais recollidas na norma IV.2. do Acordo do Consello de Goberno de Liñas Xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007, que considera competencias transversais para todas as titulacións de Grao da USC o coñecemento instrumental de (i) linguas estranxeiras; (ii) lingua galega, e (iii) tecnoloxías da información e da comunicación. A regulación destas actividades recóllese nas normas Sexta, Sétima e Oitava deste Acordo.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2014



O REITOR,

Juan José Casares Long.